



PLAN DIXITAL

EOI de Vigo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Escola Oficial de Idiomas de Vigo Código de centro: 36018941
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/>
- Correo electrónico: eoi.vigo@edu.xunta.gal Teléfono: 986260210

A **Escola Oficial de Idiomas de Vigo** é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE). O noso centro foi creado ao abeiro do Decreto 126/1988, do 5 de maio (DOG do 27) e comezou a súa andaina no curso académico 1988/1989, atendendo á demanda que existía na sociedade viguesa. As aulas impartíanse na Casa da Cultura e no colexio público do Chouzo. Actualmente, a sede central da EOI de Vigo atópase no barrio do Calvario, na rúa Martínez Garrido 17, nun edificio inaugurado oficialmente no mes de xullo de 1991.

Hoxe a escola conta con 9 departamentos (chinés, alemán, español para estranxeiros/as, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés), arredor de 5999 alumnas/os oficiais, dos que 4900 están en grupos ordinarios, 200 en grupos non ordinarios, 200 na ensinanza a distancia do programa That's English! e 699 na modalidade libre.

Actualmente imparten docencia 103 profesores/as, repartidos/as entre a sede central (67) e as seccións (36): Cangas, Coia, Nigrán, Ponteareas, Redondela e Tui, que se ubican en IES. Na secretaría de sede central traballan 4 administrativas, habendo tamén para o programa de ensinanza a distancia That's English! unha administrativa propia. Ademais, completan o cadro de persoal do centro 5 subalternos/as, e 3,5 traballadoras de limpeza. As seccións non contan con persoal administrativo propio polo que toda a xestión se realiza na sede central.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Situada na ría do seu nome, Vigo é a primeira cidade de Galicia, distribuída en 18 parroquias que conforman a superficie de todo o municipio, cunha poboación duns 300.000 habitantes, unha das maiores das que integran o chamado Eixo Atlántico, organismo que agrupa as 18 cidades máis importantes de Galicia e do Norte de Portugal.
- A comarca de Vigo caracterízase por unha economía diversificada vinculada ao sector pesqueiro, á industria, ao comercio, ao turismo e aos servizos. Historicamente é o motor económico e industrial de Galicia. Destacan a **Zona Franca**, a **industria automobilística**, o **Porto de Vigo** e a **industria pesqueira**, que fan de Vigo o primeiro porto comercializador de peixe para consumo humano de España e do mundo.

- Vigo é ademais sede de **diversas administracións**, institucións e organismos como a Axencia Europea de Pesca, o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, e de numerosas entidades bancarias.
- A Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ademais da oferta de estudos de linguas para os seus alumnos, ten vocación de se converter en referente de actividade cultural para toda a cidadanía da Mancomunidade, organismo supramunicipal formado polos concellos da contorna e da Área metropolitana de Vigo, que contan cunha poboación de máis de 500.000 habitantes, programando actividades en lingua galega e linguas estranxeiras abertas ao público e colaborando coas distintas entidades culturais e sociais da cidade, como a Asociación de Veciños do Calvario, AFAGA, Renfe etc.

O centro conta cun equipo directivo que comezou a súa andaina en 2020, consciente da necesidade de renovación da nosa entidade, que pasa pola necesaria diversificación da oferta educativa e pola mellora constante das nosas capacidades docentes. Durante este periodo, leváronse a cabo certas iniciativas para dixitalizar as aulas e a vida do centro, como por exemplo:

- Apostar polas novas tecnoloxías mediante a implantación da matrícula en liña e un sistema de cita previa telemático para trámites administrativos.
- Implantar a oferta de cursos semipresenciais, impartidos a través da Aula Moodle con materiais interactivos de base exLearning e H5P.
- Implementar un servizo de virtualización no centro para facilitar o traballo dos docentes nas aulas.
- Formación docente en ensino telemático e ferramentas virtuais docentes, mellorando a atención ao alumnado a través da plataforma Moodle.

En relación á contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual para o curso 2022-23, cabe mencionar que propóranse como obxectivos desta os contidos neste plan como parte do proceso de actualización tecnolóxica do centro, ademais da creación dun grupo de traballo ao abeiro do PFPP relacionado coa mellora da competencia dixital docente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

En cumprimento cos Artigos 111 bis, 121 e 132 da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, o noso centro elabora o presente Plan Dixital como medio de orientar a formación permanente do profesorado ao tempo que se fomenta unha cultura dixital no centro plena e de utilidade para toda a comunidade educativa.

Cómpre mencionar tamén a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022* como fonte para a secuenciación das diferentes etapas de elaboración do presente Plan.

En último lugar, mencionárase a *Resolución do 25 de maio de 2022, pñola que se ditan instrucións para a admisión, matrícula e organización académica nas escolas*

oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022-2023, na que se establece o procedemento de matrícula en liña e se detallan outras peculiaridades da nosa institución.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o noso Plan Dixital, comezamos coa creación dun grupo de traballo formado por catro profesores do claustro: Alicia Gil, coordinadora, Beatriz Tizón e Laura Torrado (departamento de inglés) e Felipe Domínguez (depto de portugués). Dito grupo de traballo estivo en constante comunicación con Xurxo Cobelas, o asesor ADIX asignado ao centro para a elaboración do plan dixital.

Unha vez organizado o noso grupo de traballo, a coordinadora do grupo enviou unha temporalización para organizarmos o traballo e as sesións presenciais, telemáticas e de formación, consensuando co equipo na reunión inicial o plan de acción que íamos a levar a cabo durante o curso. Acordouse traballar de xeito cooperativo, elaborando cada tarefa e revisando por pares para asegurar a uniformidade no enfoque.

A partir deste momento, a realización das distintas tarefas plantexadas levouse a cabo seguindo a temporalización establecida pola administración, sendo completadas en tempo e forma segundo as directrices proporcionadas polo noso Mentor Adix do Plan Dixital.

Desta forma, realizamos o test Selfie, no que tivemos facer un labor de motivación para que fose realizado pola maior cantidade posible tanto de profesorado como de alumnado. Logo pasamos a realizar o test CDD, na que o labor de motivación foi o mesmo que no apartado anterior. Posteriormente, realizamos a matriz DAFO para detectar os puntos débiles e fortes do noso centro educativo.

En base aos resultados obtidos no SELFIE e no test CDD, no que o noso centro acadou un nivel de competencia media integrador de B1, e co-relacionando isto cos puntos febles e fortes que recollimos na matriz DAFO, plantexamos os obxectivos que nos marcaríamos de cara ao vindeiro curso no Plan de Acción.

A derradeira etapa do traballo foi redactar o Plan Dixital, que constitúe un documento marco que actúa como folla de ruta no ámbito tecnolóxico de cara aos vindeiros cursos académicos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital:**

- 4 racks coa electrónica de rede.
- Telefonía cableada por rede ethernet.
- Todas as aulas e espazos de uso didáctico con cableado de rede (dúas bocas por aula).

- **Equipamento:**

- Hall: 1 pc para pantalla, 2 pcs para alumnado; Conserxería: 2 pcs, 2 impresoras-fotocopiadoras en rede; Administración-Dirección: 10 pcs, 1 impresora-fotocopiadora en rede; Biblioteca: empréstimo: 1 pc, sala de lectura: 5 pcs; Departamentos: 26 pcs, 1 impresora en rede; Aulas comúns: ao redor de 40 pcs; Sala do profesorado: 1 pc; Aula magna: 1 pc; Sala de recursos: 15 portátiles para uso ocasional e para equipar a aula multimedia que foi reconvertida en aula normal durante a pandemia. De todos xeitos, na aula multimedia mantivéronse os enchufes orixinais que tiñan os ordenadores, porque sigue usándose puntualmente cos portátiles e auriculares para o alumnado con necesidades especiais durante as probas de certificación. Nas outras probas ou cando é necesario, equípase a aula que corresponda con portátiles e/ou auriculares.

- **Servizos dixitais educativos:**

- Páxina web incluída en Websdinámicas
- Dominio propio contratado: www.eoidevigo.org
- Hosting contratado para servizo de cita previa na administración

- **Xestión do mantemento do equipamento e redes do centro:**

- Contratado a unha empresa (equipamentos) e a outra (redes)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Incluímos a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					3
	Profesorado					3.1
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					3.5
	Profesorado					2.8
	Alumnado					2.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					4
	Profesorado					3.2
	Alumnado					2.6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					3
	Profesorado					3.5
	Alumnado					

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					4.6
	Profesorado					4.2
	Alumnado					4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					3
	Profesorado					3.2
	Alumnado					2.7
G- Prácticas de	Equipo Direct.					1.9
	Profesorado					3
	Alumnado					2.6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado					2.7
	Alumnado					2.3

Test CDD: Incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e tamén o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	30	50	60%
PROVISIONAL	2	5	40%
INTERINO	12	24	50%
SUBSTITUTO	2	5	40%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,2%
A2	13	28,3%
B1	20	43,5%
B2	9	19,6%
C1	3	6,5%
C2		

TOTAL	46	100,10%
--------------	----	---------

Outras fontes: Ademais das fontes mencionadas que serviron para facer un análise cuantitativo, usamos reflexións e debates sobre os diferentes aspectos detallados nos modelos recibidos para obter un análise cualitativo da situación no noso centro. Tamén reflexionamos sobre o modelo dos tres porqués usando os aspectos de maior e menor puntuación e reflectindo sobre a orixe destas discrepancias.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	(1) Están suficientemente actualizados os equipamentos e as redes. (2) Maioritaria instalación e uso de software libre de ofimática nos equipos do centro.	(1) Algúns equipos antigos no centro que habería que cambiar. (2) Insuficiente número de contas correo corporativo do centro, por exemplo, para uso administrativo. (3) Proceso de matrícula pouco intuitivo para o alumnado.
	PERSONAL DOCENTE	(1) O profesorado non se considera conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe. (2) Uso activo e creativo das aulas virtuais do centro.	(1) Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar e reflexionar sobre as novas modalidades de ensino no ámbito dixital. (2) Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación e a reflexión.
	PERSONAL NON DOCENTE	(1) Personal con coñecemento suficiente para xestionar información na rede e nos equipos do centro.	
	ALUMNADO	(1) Alumnado adulto con equipos propios. (2) Alumnado adulto con madurez para avaliar e usar os contidos en rede.	(1) Insuficiente tempo para a reflexión sobre a aprendizaxe. (2) Necesidade de formación nalgúns recursos específicos.
	FAMILIAS		
	OFERTA	(1) Existencia de cursos semipresenciais en inglés.	(1) Non ter implantados os cursos semipresenciais na maioría dos idiomas.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	(1) Equipo de TICs e empresas externas colaboradoras de apoio tecnolóxico.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	(1) Posibilidade de participar en proxectos de innovación educativa (Plan Proxecta).	(1) Ausencia de ferramentas dixitais institucionais de intercambio e repositorio de datos de grande volume, compartido por moitos usuarios e sen límites temporais. (2) Insuficiente número de asesores Abalar para o número de centros existente.

LEXISLACIÓN		
CONTORNA	(1) Difusión de actividades da escola a través de aplicacións dixitais municipais.	
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	(1) Colaboración e asesoramento por parte da biblioteca pública Neira Vilas en relación cos libros dixitais e o sistema antifurto.	(1) Emprego de aplicacións de terceiros que implican un risco na cesión de datos persoais.
PERSOAL NON DOCENTE	(1) Estabilidade laboral.	
PERSOAL DOCENTE	(1) Estabilidade laboral nalgúns idiomas.	(1) Inestabilidade laboral nalgúns idiomas.
ALUMNADO	(1) Suficiente acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo con fins pedagóxicos.	
INFRAESTRUTURA	(1) Posibilidade de virtualización dos sistemas operativos das aulas por medio dun servidor en rede.	(1) Imposibilidade de desenvolver unha biblioteca con libros electrónicos. (2) Drupal e Moodle desactualizados. (3) Limitación no número máximo de destinatarios para envíos masivos de email dende contas corporativas.

3. Plan de Acción

No informe DAFO, xa temos sinalados os aspectos que temos que mellorar, aqueles que temos que cambiar e os que temos que manter. Os nosos obxectivos tecnolóxicos, xunto coas accións para acadar ese obxectivos e os indicadores numéricos para avalialos, formarán parte do Plan Dixital que levaremos a cabo no vindeiro curso académico.

Ao seleccionar os obxectivos, tivemos en conta a infraestrutura de describimos no punto 2.1 e as necesidades futuras que tivemos en conta na elaboración do DAFO e tamén as posibilidades de actuación do profesorado con respecto a eses obxectivos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO, establecemos áreas prioritarias e determinamos os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir, tendo en conta a que fora factible acadalo na temporalización establecida para a súa consecución, que fora beneficioso para o alumnado e aceptable para o profesorado, e que repercutira positivamente en toda a comunidade educativa.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Aínda que o noso equipamento é moi bo, segundo pode apreciarse pola descrición no punto 2.1 e a avaliación como fortaleza no DAFO, podemos melloralo con pantallas dixitais táctiles interactivas. Como o obxectivo básico do noso centro é o ensino de linguas, pensamos que con esa mellora poderíamos eliminar os canóns obsoletos que teñen imaxes con moi pouca definición e que non se poden ver se están as luces da aula acendidas para que o alumnado poida tomar notas ou facer algunha actividade coa imaxe na pantalla.

No análise DAFO, puidemos comprobar que a oferta educativa de cursos semipresenciais é tanto unha fortaleza coma unha debilidade. É unha fortaleza porque temos algúns xa implementados no idioma inglés, pero tamén son unha debilidade porque nese idioma se imparten nun número limitado de niveis e non temos esa oferta en ningún outro idioma. Polo tanto, un dos obxectivos está relacionado con esta deficiencia e intentaremos diversificar as modalidades impartidas no centro durante o vindeiro curso.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: C INFRAESTRUTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a fortaleza dos equipamentos do centro con pantallas dixitais táctiles interactivas para eliminar os canóns obsoletos que teñen imaxes con moi pouca definición e que non se poden ver se están as luces da aula acendidas para que o alumnado poida tomar notas ou facer algunha actividade coa imaxe na pantalla (C2).				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de pantallas dixitais táctiles interactivas recibidas da Consellería de Educación					
Valor de partida (3)	0 pantallas dixitais táctiles interactivas no centro					
Valor previsto e data (4)	40 pantallas dixitais instaladas en 40 aulas do centro			Setembro de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Enviar solicitude á Consellería de Educación	Equipo directivo	31/10/22	Solicitude á Consellería de Educación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recibir as 40 pantallas dixitais solicitadas	Consellería de Educación	15/02/23	Pantallas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Instalar as 40 pantallas dixitais nas aulas	Coordinadora TICs e Equipo Directivo	1/09/23	Especialista en instalación das pantallas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: F PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
OBXECTIVO 1 (1):	Aumentar a oferta de cursos semipresenciais para diversificar as modalidades impartidas no centro (F1).				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos e Departamentos de Idiomas				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de cursos semipresenciais implantados					
Valor de partida (3)	5 cursos semipresenciais de inglés					
Valor previsto e data (4)	7 cursos semipresenciais en inglés e francés			Setembro 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Proponer aos departamentos os novos cursos semipresenciais	Xefatura de Estudos	31/03/23	Cursos semipresenciais da Consellería de Educación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Diseñar os bloques horarios que incorporen cursos semipresenciais	Departamentos	30/04/23	Bloques horarios cos cursos semipresenciais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Poner en marcha as aulas virtuais e ter unha sesión de formación para o profesorado	Coordinador TICs e Dirección	10/09/23	Aulas virtuais dos cursos semipresenciais e sesión de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

- No que respecta á **avaliación procesual**, realizaremos unha avaliación trimestral do estado dos obxectivos marcados, que coincidirá coa presentación ao claustro dos obxectivos marcados na PXA.

Empregarase unha rúbrica con indicadores de logro que recollerán o grao de consecucións dos seguintes obxectivos:

- Estado da execución das accións marcadas.
- Análise e valoración dos resultados obtidos ata o momento da avaliación procesual.
- Posibilidade de incluír modificacións nas accións propostas por mor de dificultades na súa consecucións ou por adaptalas a novas necesidades xurdidas durante o curso.

- A **avaliación final** realizarase ao terminar o curso 2022/2023. Volveranse a empregar indicadores de logro cuantitativos e cualitativos para valorar os seguintes aspectos:

- Grao de consecución e implementación dos obxectivos marcados.
- Posibilidade de ampliación dos obxectivos marcados para o vindeiro curso académico.
- Grao de impacto do Plan Dixital na comunidade educativa.
- Grao de satisfacción da comunidade educativa coas accións levadas a cabo ao abeiro do Plan Dixital.
- Propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital estará dispoñible para a comunidade educativa a través da nosa páxina web, así como na sección para profesorado da Aula Moodle do centro. Do mesmo xeito, empregaranse as redes sociais incluídas no Plan de Comunicación do centro como canles de difusión das iniciativas levadas a cabo ao abeiro do Plan Dixital. Isto terá o propósito de fomentar o efecto cascada da formación recibida, por exemplo, ou a creación de redes de cooperación que permitan mellorar a vida dixital no centro.